

Don Pablo Montero Carrera, Secretario da Mesa de Contratación da Deputación de Pontevedra

**C E R T I F I C A:**

Que na sesión da Mesa de Contratación da Deputación de Pontevedra celebrada o día 13 de xaneiro de 2022, e segundo resulta do borrador da acta correspondente, e coa salvidade que establece o artigo 206 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais de 28 de novembro de 1986, aprobado por R.D. 2568/1986, de 28 de novembro, adoptouse, entre outros, o seguinte acordo:

**ASUNTO: Aprobación das valoracións correspondentes a documentación avaliable mediante xuízos de valor (sobre B ) das ofertas presentadas polas empresas que participan no procedemento aberto convocado para a contratación do Servizo de implantación ,uso e soporte dunha solución de padrón municipal de habitantes para concellos. (Expte. 2021033561)**

O Secretario da Mesa de Contratación informa que por acordo da Xunta de Goberno adoptado na sesión do día 29 de outubro de 2021, aprobouse o expediente de contratación para a adxudicación, mediante procedemento aberto, do Servizo de implantación, uso e soporte dunha solución de Padrón municipal de habitantes para concellos.

O anuncio de licitación deste contrato enviouse ao DOUE con data 29 de outubro de 2021 e publicouse no Perfil do Contratante da Deputación de Pontevedra (Plataforma de Contratación do Sector Público) con data 31/10/2021. Así mesmo, publicouse na mesma data os pregos de cláusulas económico administrativas e de prescricións técnicas deste procedemento aberto.

Finalizado o prazo para presentar as ofertas, a Mesa de Contratación na reunión do día 2 de decembro de 2021, procedeu á apertura electrónica dos sobres A correspondentes a documentación administrativa e sobre B documentación avaliable mediante xuízos de valor presentada polas empresas que participan neste procedemento.

Unha vez descargada a documentación administrativa e técnica, revisouse a documentación administrativa, acordando a Mesa de Contratación admitir as seguintes empresas:

ATM GRUPO MAGGIOLI S.L.  
AYTOS SOLUCIONES INFORMÁTICAS S.L.U.

Así mesmo acordou trasladar a documentación técnica descargada dos sobres "B" que presentaron as empresas admitidas, ao Servizo de Novas Tecnoloxías, ao obxecto de que os técnicos do mesmo, avaliasen e ponderasen as propostas ofertadas seguindo os criterios de valoración establecidos nos pregos que rexen este procedemento aberto.



O Xefe do servizo de Novas Tecnoloxías con data 28/12/2021, emitiu informe relativo á valoración da documentación técnica presentada polas empresas licitadoras figurando as empresas admitidas co seguinte resultado:

|                                      | Puntuación sobre B “xuízos de valor” |
|--------------------------------------|--------------------------------------|
| ATM GRUPO MAGGIOLI S.L.              | 20,75                                |
| AYTOS SOLUCIONES INFORMÁTICAS S.L.U. | 37,75                                |

A Mesa de Contratación en base ó informe do Xefe do servizo de Novas Tecnoloxías de data 28/12/2021 acorda prestar conformidade as puntuacións acadadas polas empresas admitidas ó procedemento aberto convocado para a contratación do Servizo de implantación, uso e soporte dunha solución de padrón municipal de habitantes para concellos.

E para que conste, esténdese a presente, en Pontevedra, na data que figura á marxe.

